



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000002

Valdoviño, 03 de febreiro de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Edificio Casa da Cultura

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria , para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa (PSOE)

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández

Mº Pilar Caamaño Vilela

PP:

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas: don Javier Bouzamayor Casas (PP) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro. A celebración da sesión ten lugar no edificio da Casa Cultura por razóns de Covid-19 i en especial para salvagardar as medidas de seguridade en canto a distancia.

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE 13.01.22 (ORDINARIA).-

Sometida a votación a acta citada, os concelleiros presentes que asistiran á mesma, acordaron a súa aprobación en votación ordinaria e por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIRO

PROPOSTA DA ALCALDÍA, ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de 3.02.22:

“Visto que no Pleno celebrado en data catro de marzo de dous mil vinte e un adoptouse o acordo de aprobar inicialmente o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

Visto que se expuxo ao público Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) núm. 61, na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios o dito acordo para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimasen oportunas durante 30 días hábiles, de conformidade co disposto nos artigos 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto que en data dezaioito de maio de dous mil vinte e un co núm. de entrada 202199900000777, don Luis [REDACTED] co DNI ***[REDACTED]** en nome e representación de VIAQUA INTEGRAL DE AUGAS DE GALICA SAU, presentou as seguintes alegacións:

I.NO REFERENTE Á FACTURACIÓN POR FUGAS E A BONIFICACIÓN DO CONSUMO

Artigo 5. Obrigas do aboado. Fugas

“Non obstante o anterior, no suposto en que se produza unha fuga por un feito fortuíto de difícil detección, non atribuíble á negligencia do cliente e a condición de que este acredite que solucionou a incidencia achegándolle á entidade subministradora ou ao concello unha declaración responsable asinada polo cliente, na que se describa e se xustifique a reparación da fuga, na cal debe constar como mínimo unha fotografía previa á reparación na que se vexa claramente a avaría e o punto no que se produce, informe detallado da reparación e do punto exacto da mesma (preferiblemente asinado por instalador homologado), así como foto da tubaxe unha vez reparada, a entidade subministradora aplicará na factura correspondente as medidas redutoras fixadas no artigo 55 deste regulamento.”

Artigo 55. Determinación do consumo en caso de avaría

“1. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase de acordo ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior, de non existir referencia, liquidaranse as facturacións de acordo á medida aritmética dos seis meses anteriores.

2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media á que se alude no parágrafo anterior, facturarase a media do sector do que se desenvolve o aboado en caso industrial e no caso doméstico a media da facturación.”

Unha vez delimitado o articulado, interesa aclarar que debería existir no regulamento a definición de fuga con carácter fortuíto de difícil detección. Para evitalo propoñemos a seguinte definición de fuga con carácter fortuíto de difícil detección:

Terá consideración de fuga fortuíta de difícil detección aquela que se produza nas instalacións particulares do aboado e cuxo deseño da instalación non permita a súa detección a simple vista; quedando excluídas aquelas fugas correspondentes ao mal funcionamento dos sistemas de peche, tanto en billas como en sanitarios, electrodomésticos ou maquinaria privados do aboado.

A proposta reflexada no borrador do regulamento municipal podería dar lugar, en algún caso a:

1. A iniciación do cliente para a súa reparación ao non pórse un límite temporal para o arranxo da fuga.
2. Influír negativamente no servizo ao non ter en conta os custes de dispor da auga no punto de subministro.
3. Diminuír ou eludir as obrigas dos abonados de mantemento e custodia das instalacións particulares.

Debe establecerse con exactitude o volume de auga que determine a existencia ou non dunha fuga, aspecto que non queda definido no regulamento municipal. Neste senso, a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, lei que ten por obxecto, entre outros: "Ordenar o ciclo integral de auga de uso urbano e establecer as bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, de saneamento e de depuración e "Establecer o réxime económico-financieiro da auga en Galicia co obxectivo de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico". Esta lei determina no seu artigo 53.8º: "Se no período de facturación se constata a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministración do contribuínte e o volume facturado ten unha consideración desproporcionada en virtude da dita fuga, os ditos de gravame do terceiro e cuarto tramo de consumo indicado nas letras c) e d) do punto 3 serán os establecidos para o tramo 2 indicado na letra b) do dito punto.

Para estes efectos, terá a consideración de volume desproporcionado aquel que reúna os seguintes requisitos:

- Que o volume facturado sexa superior ao quántuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.
- Que o contribuínte tome as medidas necesarias para reparar a fuga no prazo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data non se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da existencia da fuga no momento en que se lle notifique a factura de auga correspondente ao período en que se produciu a fuga".

O Concello de Valdoviño pode tomar como base a Lei 9/2010 para establecer o valor a partir do cal se considere a existencia dunha fuga. Para unificar criterios con Augas é recomendable establecer o quántuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos e anteriores; ou ben fixar outro valor de referencia. Do mesmo xeito, a bonificación por fuga debe aplicarse exclusivamente ao trimestre no cal o usuario non ten coñecemento da existencia da mesma, aínda que excepcionalmente poderá aplicarse a dúas facturas consecutivas se ten afección a dous períodos de facturación. A bonificación por fuga é unha medida redutora de carácter excepcional que no poderá ser aplicada máis dunha vez no mesmo inmovible, en un período de 2 anos.

No referente á aplicacións das medidas redutoras non resulta apropiado o indicado no artigo 55. No caso dunha fuga non existe avaría no equipo de medición, posto que este rexistra con exactitude o volume de auga consumida por parte do abonado. O valor rexistrado na fuga é coñecido e obxectivo, xerando un custe no servizo que debe ser resarcido; cando menos no custe variable de explotación.

Unha fuga fortuíta poderá ser bonificada, pero en ningún caso obviar os m² rexistrados polo contador. Tomando como referencia a Lei 9/2010, propónse facturar o exceso de consumo aplicando o prezo do segundo bloque da tarifa vixente na Ordenanza Municipal.

Os conceptos de saneamento e depuración poderán ser estimados, facturando segundo o consumo do mesmo período do ano anterior; sempre que de forma obxectiva se poda demostrar, a través de fotografías ou informe de reparación, que o volume de auga asociado á fuga fortuíta non foi canalizado á rede de saneamento, senón que se infiltra no terreo, no situarse no exterior do inmovible, xardín, etc.

Segundo ordenanza vixente, publicada no BOP con data 27 de decembro de 2010 e número 245, unha simulación dunha fuga facturada no segundo bloque e cuxo caudal non remate na rede de saneamento será o especificado na táboa 1

Táboa 1. Exemplo de facturación proposto en caso de Fuga

		TARIFAS
--	--	---------

CONCEPTO	TRAMMO TARIFARIO	XER AL DO MÉS TICA	FUGA DOMÉSTICA	XERAL INDUSTRIA L	FUGA INDUSTRIA L	XERAL OBRAS	FUGA OBRAS
AUGA	Mínimo de 36m3	0,50 €	0,50 €	050 €	0,50 €	1,11 €	1,11 €
	De 36m3 a 75 m3	0,54 €	0,54 €	0,81 €	0,81 €	1,22 €	1,22 €
	De 75 a 10 0m3	0,54 €	0,5 4€	0,98 €	0,81 €	1,47 €	1,22 €
	Mais de 100m3	0,65 €	0,54 €	1,47 €	0,81 €	2,21 €	1,22 €
SANEAMENT O	Mínimo de 36m3	0,25 €	0,25 €	025 €	025 €	0,54 €	0,54 €
	De 36m3 a 75 m3	0,26 €	0,26 €	0,39 €	0,39 €	0,59 €	0,59 €
	De 75 a 10 0m3	0,26 €	0261 €	0,47 €	0,39 €	0,71 €	0,59 €
	Mais de 100m3	0,31 €	0,26€	0,71 €	0,39 €	1,07 €	0,59 €
DEPURACIÓN	Mínimo de 36m3	0,38 €	0,38 €	0,57 €	0,57 €	0,86 €	0,86 €
	De 36m3 a 75 m3	0,42 €	0,42€	0,63 €	0,63 €	0,95 €	0,95 €
	De 75 a 10 0m3	0,42 €	0420 €	0,75 €	0,63 €	1,13 €	0,95 €
	Mais de 100m3	0,50 €	0,42 €	1,13 €	0,63 €	1,70 €	0,95 €
		0,75 €					

Enténdese necesario incluír esta modificación nas ordenanzas reguladoras das taxas por subministración de auga a domicilio e redes de sumidoiros; ou ben establecer un prezo específico a tal fin ou porcentaxe de redución que cubra os custes variables do servizo.

II. SOBRE AS EXTESIÓNS DA REDE URBANIZACIÓNS E CONSTRUCCIÓN DE SERVIDUMES

O borrador do regulamento establece o seguinte.

Artigo 10. Extensións da rede, urbanizacións e constitución de servidumes

“2. As ampliacións das redes poderán ser executadas tanto polo concesionario, a cargo do promotor, coma por calquera empresa contratada por este. Neste último caso requirirase igualmente, antes do inicio das obras, da aprobación por parte do concello da preceptiva documentación técnica que será facilitada polo promotor e do informe favorable do concesionario (que será emitido no prazo máximo de 5 días, aplicándose o silencio positivo). As obras de ampliación serán dirixidas por técnico competente.”

Respecto ao artigo 10, apartado 2, o prazo para a emisión do informe por parte do concesionario é moi reducido. Con carácter xeral este prazo deberá ser de 15 días dende a fecha de notificación con obxecto de poder analizar convenientemente a documentación e, de ser o caso, realizar comprobacións na rede municipal para determinar a idoneidade das actuacións.

O regulamento no artigo 10, apartado 8 establece que : 8. *“A posibilidade de executar as instalacións xerais pola propiedade de terceiros, constituíndo unha servidume de paso a favor do concello inscrita no Rexistro da Propiedade, poderase facer extensiva de forma excepcional, para as acometidas*

particulares (tanto á rede de abastecemento como de sumidoiros), sempre que se acredite a imposibilidade de executar ditas conexións na fronte das parcelas por inexistencia das redes xerais, se autorice expresamente por parte do concello e se constituía unha servidume de paso a favor do solicitante, inscrita no Rexistro da Propiedade”.

No caso indicado no artigo 10, apartado 8, para a cesión das acometidas a particulares debe engadirse que as avarias, fugas ou obturacións que se produzan en propiedade privada; aínda existindo cesión de paso e constitución de servidume serán responsabilidade do solicitante. A chave de rexistro da acometida e arqueta de sumidoiros localizaranse no límite de propiedade pública (segundo no especificado no artigo 21 a) e b). Non estarán no límite da propiedade do solicitante senón que se localizarán no límite das propiedades que autorizan a cesión. No caso das acometidas de abastecemento debe constituírse unha cesión para a ubicación do contador, con obxecto de que este se sitúe en un lugar axeitado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso, segundo o especificado no artigo 28.

III. DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

O regulamento establece na disposición transitoria única que: “O réxime establecido neste regulamento, aplicable no caso de fugas accidentais será efectivo con carácter retroactivo o de 5 anos”.

En canto a aplicación con carácter retroactivo deste Regulamento, hai que indicar que, como regra xeral, as normas regulamentarias non poden ter efectos retroactivos, porque cando autoriza esa eficacia o artigo 2 do Código Civil, se refire de maneira expresa a “las Leyes” de onde cabría concluir que non é admisible aos Regulamentos.

O artigo 10.2 da LGT establece que, salvo contrario, as normas tributarias non terán efecto retroactivo e que se aplicarán aos tributos sen período impositivo devengados a partir de súa entrada en vigor e aos demais cuxo período impositivo se inicie nese momento.

Conforme ao artigo 15 LRHL, as Ordenanzas non poden ter carácter retroactivo, nin sequera no suposto de que conteñan disposicións beneficiosas para o administrado.

Por outra parte, hai que ter en conta a referencia que a letra c) do art. 16 fai á data “del comienzo de su aplicación” unicamente pode ser interpretada no sentido de distinguir entre o momento de entrada en vigor da ordenanza que se produce ao tempo da publicación no Boletín Oficial da Provincia o da Comunidade Autónoma Uniprovincial, previsto no citado art. 17.4b e da súa eficacia (normalmente, o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa tramitación).

É dicir, que non é posible entender que a Lei permita a eficacia retroactiva das Ordenanzas fiscais.

¿Cal é a base legal do Concello de Valdoviño para sustentar unha retroactividade regulamentaria? e existindo, ¿Cal é a base legal do Concello de Valdoviño para sustentar unha retroactividade por un período de cinco anos?

Por tanto, non existe amparo legal da pretendida retroactividade por período de cinco anos e polo tanto é nula (ou inaplicable de facto).

IV. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE PRECEPTOS

REGULAMENTO DO SERVIZO DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 5. Obrigas do aboado. Fugas

No suposto de que a instalación dun aboado, produciranse fugas de augas por un feito fortuíto e de difícil detección, que darán lugar a unha excesiva facturación de metros cúbicos superando o quintuplo do volume medio do ano de facturación inmediato anterior, e sempre que se acredite que ditas fugas non son imputables a unha acción deliberada do mesmo ou á negligencia na instalación, no seu uso ou no seu mantemento, aplicarase unha tarifa específica vixentes no que o exceso de consumo sobre o segundo tramo da tarifa facturarase nos seguintes tramos tarifarios utilizando o prezo do segundo bloque da tarifa aplicable.

Terá consideración de fuga fortuíta de difícil detección aquela que se produza nas instalacións particulares do aboado e cuxo deseño da instalación non permita a súa detección a simple vista; quedando excluídas aquelas fugas correspondentes ao mal funcionamento dos sistemas de peche, tanto en billas como en sanitarios, electrodomésticos ou maquinaria privados do aboado.

As condicións para a bonificación serán as seguintes:

- * A solicitude da aplicación da tarifa será presentada dentro do dous períodos posteriores á posta ó cobro do recibo afectado.
- * A solicitude da aplicación da tarifa admitirase como máximo sobre dous períodos consecutivos, considerándose a afección de mais de dous períodos como negligencia na conservación e mantemento da instalación.
- * Non se consideran consumos susceptibles para a aplicación da tarifa aqueles que teñan a súa orixe en instalacións que non se acreditan mediante o correspondente Boletín de Instalación ou, no seu caso, documento que o substitúa.
- * Posto que tarifa sobre fuga non pretende suplir a custodia e responsabilidade que cada propietario ou aboado ten respecto ó uso e mantemento das súas instalacións, non se admitirán solicitudes de bonificación por avaría antes de transcorrido o prazo de dous anos dende a concesión da anterior bonificación.

Artigo 10. Extensións da rede, urbanizacións e constitución de servidumes

2. As ampliacións das redes poderán ser executadas tanto polo concesionario, a cargo do promotor, coma por calquera empresa contratada por este. Neste último caso requirirase igualmente, antes do inicio das obras, da aprobación por parte do concello da preceptiva documentación técnica que será facilitada polo promotor e do informe favorable do concesionario (que será emitido no prazo máximo de 15 días, aplicándose o silencio positivo). As obras de ampliación serán dirixidas por técnico competente.

8. A posibilidade de executar as instalacións xerais pola propiedade de terceiros, constituíndo unha servidume de paso a favor do concello inscrita no Rexistro da Propiedade, poderase facer extensiva de forma excepcional, para as acometidas particulares (tanto á rede de abastecemento como de sumidoiros), sempre que se acredite a imposibilidade de executar ditas conexións na fronte das parcelas por inexistencia das redes xerais, se autorice expresamente por parte do concello e se constituía unha servidume de paso a favor do solicitante, inscrita no Rexistro da Propiedade. As avarias, fugas ou obturacións que se produzan no tramo das acometidas que descorran por propiedades de terceiras persoas serán responsabilidade do solicitante. A chave de rexistro da acometida e arqueta de sumidoiros localizarase no límite da propiedade que autorice a cesión (segundo o especificado no artigo 21 a) e b). No caso das acometidas de abastecemento debe constituírse ademais unha cesión para a ubicación do contador, co obxecto de que estes e sitúe nun lugar axeitado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso, segundo o especificado no artigo 28.

TAXA POLA REDE DE SUMIDOIROS

ARTIGO 5

Para os consumos considerados como fuga fortuíta e de difícil detección segundo o artigo 5 do regulamento do servizo da auga e sumidoiros establece a seguinte modificación sobre as tarifas aplicables:

O exceso de consumo sobre o segundo tramo da tarifa facturarase nos seguintes tramos tarifarios utilizando o prezo do segundo bloque da tarifa aplicable

Os conceptos de saneamento e depuración poderán se estimados, facturando segundo o consumo do mesmo período do ano anterior; sempre que de forma obxectiva se poda demostrar, a través de fotografías ou informe de reparación, que o volume de auga asociado á fuga fortuíta non foi canalizado á rede de saneamento, senón que se infiltra no terreo, por situarse no exterior do inmovible, xardín, etc.

TAXA POLO SUMINISTRO DE AGUA

ARTIGO 3

TARIFA 3 CONSUMOS

(...)

Para os consumos considerados como fuga fortuíta e de difícil detección segundo o artigo 5 do regulamento do servizo de auga e sumidoiros establece a seguinte modificación sobre as tarifas aplicables:

O exceso de consumo sobre o primeiro tramo da tarifa facturarase como un único bloque utilizando o prezo do segundo bloque da tarifa aplicable”.

Visto o informe do técnico municipal de don Ramón Couce Blanco de data vinte catro de xaneiro de dous mil vinte e dous.

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- ESTIMAR de xeito **FAVORABLE** as seguintes alegacións a modificación do regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros:

1.- Modificación 1ª : Definición de fuga fortuíta. Proponse incluír a definición de “Fuga fortuíta” mencionada no artigo 5 “Obrigas do aboado. Fugas”, xa que no Regulamento non se inclúe.

Definición proposta:

“Terá consideración de fuga fortuíta de difícil detección aquela que se produza nas instalacións particulares do aboado e cuxo deseño da instalación non permita a súa detección a simple vista; quedando excluídas aquelas fugas correspondentes ao mal funcionamento dos sistemas de peche, tanto en billas como en sanitarios, electrodomésticos ou maquinaria privados do aboado.”

Incluír dita definición ao final do apartado a) do artigo 5, de acordo co informe do técnico municipal.

2.- Modificación 2ª : Definición de volume desproporcionado e prazo para amaño de fuga. Proponse incluír a definición de “volume desproporcionado” en caso de fuga fortuíta, recollida no artigo 53.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, xa que no Regulamento non se inclúe. Proponse tamén incorporar a condición de que se amañe a fuga nun prazo máximo de 1 semana dende que o usuario tivera coñecemento da mesma.

Definición proposta:

“Para estes efectos, terá a consideración de volume desproporcionado aquel que reúna os seguintes requisitos:

- *Que o volume facturado sexa superior ao quintuplo do volume medio dos períodos de facturación inmediatos anteriores que representen o ciclo dun ano de facturación.*
- *Que o contribuínte tome as medidas necesarias para reparar a fuga no prazo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data non se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da existencia da fuga no momento en que se lle notifique a factura de auga correspondente ao período en que se produciu a fuga.”*

Incluír dita definición ao final do apartado a) do artigo 5, de acordo co informe do técnico municipal.

3.- Modificación 3ª: Proponse fixar o período máximo de aplicación da bonificación en caso de fuga e o número máximo de reclamacións que se podan presentar: Suxírese limitar a 2 trimestres de facturación o período máximo de bonificación en caso de fuga e limitar a 1 caso cada 2 anos por usuario, o número de fugas bonificada (para evitar a falta de custodia ou decida respecto ao mantemento da instalación).No regulamento non se establece límite.

Evitaranse fugas continuadas en instalacións defectuosas ou antigas. Incluírse dita limitación no apartado a) do artigo 5.

4.- Modificación 6ª: Ampliación de prazo para informar. O artigo 10.2 “Extensións da rede, urbanizacións e constitución de servidumes” do Regulamento, fixa un prazo de 5 días para que a empresa concesionaria informe sobre a documentación técnica presentada por un promotor ou promotora para executar de forma privada unha ampliación das redes, aplicándose o silencio administrativo.

Ampliar o prazo a 15 días dende a data de notificación , con silencio administrativo.

Modificar o artigo 10.2 substituíndo o prazo de 5 días por 15 días, de acordo co informe do técnico municipal.

5.- Modificación 7ª e 8ª: Redes e acometidas por terreos particulares. O artigo 10.8 habilita a posibilidade excepcional de realizar tanto instalacións xerais coma acometidas particulares por terreos privados de terceiras persoas.

Incluír que as avarias , fugas ou obturacións que se produzan no tramo das acometidas que descorran por propiedades de terceiras persoas serán responsabilidade do solicitante. A chave de rexistro da acometida e arqueta de sumidoiros localizarse no límite da propiedade que autorice a cesión. Constituirase tamén unha cesión para a situación do equipo de medida do consumo de auga.

Incluír este texto no artigo 10.8, de acordo co informe do técnico municipal.

6.- Modificación 10ª: Prazo para a presentación da bonificación (artigo 5). Ademais do indicado no aparato 1 e anterior a, na proposta e redacción deste artigo presentado por VIAQUEA, engádense as seguintes cuestións:

- **Prazo para solicitar a bonificación** por causa de fuga accidental: proponse un prazo máximo de 2 períodos posteriores á posta ao cobro do recibo afectado.

Indicarase ao final do artigo 5 apartado a. xa que é coherente fixar un período máximo para solicitar a bonificación

7.- Modificación 11ª: Boletín de Instalación: Proponse incluír no mesmo artigo 5ª a necesidade de presentación do Boletín de Instalación ou documento que o substitúa para acreditar as instalacións, no caso de aplicar a bonificación por fuga fortuíta.

Incluír este texto no artigo 5º, de acordo co informe do técnico municipal.

Segundo.- DESESTIMAR as seguintes alegacións a modificación do regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros:

1.- Modificación 4ª e 5ª: Determinación do consumo en caso de avaría. O artigo 5.a) establece que no caso de fuga por avaría, para a determinación do consumo, aplicarase na factura as mesmas medidas redutoras fixadas no artigo 55 para o caso de avarías no equipo de medida (mesmo período e época do ano anterior ou media dos 6 meses anteriores ou media do sector).

Nas alegacións presentadas por Viaqua dáse a entender de forma errónea que o regulamento considera que as fugas por avaría son debidas en todos os casos a unha avaría do sistema de medición (contador), pero non é así. O regulamento diferencia entre unha fuga debida a unha avaría fortuíta interna da instalación do usuario (art. 5.a.) e unha avaría do sistema do contador (art.55), o único que equipara o regulamento nos dous casos é a forma de calcular o consumo a determinar , tal e como se expuxo no parágrafo anterior (o establecido no art. 55).

Proposta de Viaqua:

- No caso do consumo de auga proponse facturar o exceso de consumo aplicando o prezo do 2º bloque da tarifa vixente na Ordenanza municipal.

- No caso de saneamento e depuración:

1. Se o volume de auga de fuga fora canalizado á rede de saneamento aplicarase 2º bloque.
2. Se o volume de auga de fuga fora infiltrado no terreo: facturarase segundo o consumo do mesmo período do ano anterior.

Non se ten en conta porque deixárase sen efecto a consideración de fuga fortuíta, debendo desestimarse en base ao exposto.

2.- Modificación 9ª: Retroactividade. A Disposición transitoria única establece que o regulamento aplicarase con carácter retroactivo de 5 anos.

Proposta de Viaqua: Non aplicara retroactividade por non ser axustado a dereito.

O prazo sinalado considérase o axeitado e axustado ao dereito, debendo desestimarse dita proposta

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente a modificación do regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros conforme o especificado no punto primeiro e segundo.

CUARTO.- Publicar no BOP, na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios o texto integro do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e rede de sumidoiros para xeral coñecemento e para a súa entrada en vigor.

En Valdoviño, a 2 de febreiro de 2022
O alcalde/ Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (neste intre da votación supoñen 10 votos), cara aos 13 que compoñen a Corporación, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

3º.- APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

PROPOSTA:

Considerando que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade ente mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciáveis que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

Considerando que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

Considerando que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero

E tal e como recolle o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais emitido pola educadora social:

-A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade coa cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa veciñanza, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade de oportunidades de homes e mulleres e de prevención e erradicación da violencia de xénero

-En dita lexislación recóllense as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero como medidas a impulsar nas entidades locais.

-O concello de Valdoviño, no marco do programa municipal “Somos e Contamos” de igualdade e prevención de violencia de xénero, ven desenvolvendo diversos proxectos e actuacións para paliar o impacto da violencia e da desigualdade respecto ao xénero e atender ás vítimas.

-Existe unha alta necesidade de coordinar aos diferentes axentes que interveñen, dentro da localidade, na atención ás situacións de desigualdade ou agresión en relación ao xénero, para ofrecer unha mellor axuda o seguemento das persoas implicadas en ditas situacións. Entre estes axentes están os corpos de seguridade, o centro médico, os centros escolares e o Departamento de Servizos Sociais.

Segundo o anteriormente exposto, é preciso acordar no órgano correspondente a constitución da mesa segundo as indicacións publicadas na “Guía para a constitución das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero”, coa seguinte composición:

Presidencia: - O alcalde -presidente do Concello de Valdoviño

Vogalías:

- Concelleira/s con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero
- Persoal técnico dos servizos sociais municipais
- Representante da policía local
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil)

-) - Representante dos centros educativos (departamentos de orientación e dirección) - Representantes dos servizos sanitarios (áreas relacionadas do Centro de Saúde)
- Representante da Subdelegación do Goberno en A Coruña Secretaría:
- Persoa técnica responsable do programa municipal de Igualdade e Prevención de violencia de Xénero.

É preciso tamén acordar a periodicidade das convocatorias de reunión, para as que se propón unha frecuencia trimestral, podendo convocar unha reunión extraordinaria cando se presente algunha situación que a motive.

Como consecuencia do exposto con anterioridade,
PROPOÑO AO PLENO

Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia: - O alcalde -presidente do Concello de Valdoviño

Vogalías:

- Concelleira/s con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero
- Persoal técnico dos servizos sociais municipais
- Representante da policía local - Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil)
- Representante dos centros educativos (departamentos de orientación e dirección)
- Representantes dos servizos sanitarios (áreas relacionadas do Centro de Saúde)
- Representante da Subdelegación do Goberno en A Coruña Secretaría: persoa técnica responsable do programa municipal de Igualdade e Prevención de violencia de Xénero.

Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade trimestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

O alcalde, Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (neste intre da votación supoñen 10 votos), cara aos 13 que compoñen a Corporación, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

/Neste intre incorporase á sesión á concelleira Jessica Sabín Fernández./

4º.- APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.-

PROPOSTA PARA A APROBACION DA SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS PARA O EJERCIZO 2022 (POS + ADICIONAL 1/2022)

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobación da solicitude de financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercizo 2022 (POS + Adicional 1/2022),

PRIMEIRO. Mediante circular de data de 14/12/20212 comunicouse ao Concello de Valdoviño a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2022” no que se regula simultaneamente o POS+ADICIONAL 1/2022 para os gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, así como tamén a achega provincial asignada ao mesmo.

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 228 de 30 de novembro de 2021, publícanse as bases reguladoras deste plan. A base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, que se financia con cargo a unha achega provincial 2022 extraordinaria por importe de 7.000.000 euros para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais. En documento anexo establécese a cantidade de 68.647,54 euros para o Concello de Valdoviño, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercizo 2022, con cargo a dito Plan.

TERCEIRO. O Obxecto do financiamento dos gastos sociais extraordinarios contemplado nas bases reguladoras é o seguinte:

Para gasto corrente:

- a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais.
- b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas en risco de exclusión social.
- c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades.
- d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes.
- e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.
- f) Outras medidas que os servizos sociais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables.
- g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria.

Para investimento:

- h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para préstamo de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria.
- i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

CUARTO. Visto o informe da traballadora social do departamento de servizos sociais e analizadas as necesidades para a posta en práctica de todos e cada un dos programas levados a cabo no mesmo, así como para o correcto desenvolvemento da intervención social do persoal técnico segundo as demandas e necesidades de persoas vulnerables e en risco de exclusión social con escasos recursos económicos,

PROPOÑO AO PLENO

A aprobación da seguinte previsión de gastos sociais extraordinarios, para o exercizo 2022, para incluír na solicitude do “**POS+Adicional 1/2022 da Deputación Provincial de A**

Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios”:

GASTOS CORRENTES				
Obxecto	Descrición	Previsión de gastos 2022 (A)	Estimación de ingresos públicos ou privados (B)	Estimación do gasto a financiar polo Concello (A-B)
a) Reforzo/ampliación de perosal técnico e/ou administrativo	Selección de un/unha auxiliar administrativo para reforzo do departamento de servizos sociais, co fin de apoiar ao equipo actual e facilitar o desenvolvemento dos programas de forma áxil.	26.400 €	0 €	26.400 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia	Ampliación da partida municipal destinada a axudas de emerxencia a persoas soas ou familias en risco de exclusión social que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura de necesidades básicas de vivenda, alimentación, suministros, educación, gastos médico-farmacéuticos, transporte e outros tecnicamente valorados polo departamento.	2.000 €	0 €	2.000 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades	Libre concorrencia: para situacións valoradas tecnicamente como de urxencia e necesidade. Dependencia: excepcionalmente, poderá destinarse o importe a cubrir a parte da aportación municipal ao servizo de axuda no fogar nesta modalidade, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	11.600 €	0 €	11.600 €

<p>d) Refuerzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación</p>	<p>Para persoas e familias que carezan de medios económicos suficientes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Servizo de transporte e desprazamentos para acudir a espazos que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral. - Organización de actividades que favorezan a conciliación e o respiro familiar: acompañamentos puntuais a persoas no domicilio, espazos de conciliación por asistencia a cursos de formación 	7.000 €	0 €	7.000 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario, imprescindibles e urxentes</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de cursos de formación dirixidos, fundamentalmente, a persoas usuarias do Plan de Inclusión e Programa municipal de inclusión social. - Ampliación da partida municipal para a convocatoria de medidas de apoio ás familias para a adquisición de material para o estudo e transporte. - Contratación de servizo de asesoramento xurídico para persoas e familias usuarias dos servizos sociais en situación de necesidade. - Outras medidas e axudas que se enmarquen como gasto corrente e que 	18.047,54 €	0 €	18.047,54 €

	vaian xurdindo no departamento de servizos sociais ao longo do exercizo 2022, con carácter extraordinario, imprescindible e urxente.			
TOTAL GASTO CORRENTE		65.047,54 €	0	65.047,54 €

INVESTIMENTO				
Obxecto	Descrición	Previsión de gastos 2022	Estimación de ingresos públicos ou privados (B)	Estimación do gasto a financiar polo Concello (A-B)
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria	Adquisición de grúas de mobilidade e camas articuladas para persoas en situación de vulnerabilidade e en situación de dependencia.	3.600 €	0 €	3.600 €
TOTAL INVESTIMENTO		3.600 €	0 €	3.600 €

TOTAL GASTO CORRENTE + INVESTIMENTO	68.647,54 €
--	--------------------

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.
O alcalde,

Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (que suponen 11 votos), cara aos 13 que compoñen a Corporación, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

5º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO 2021.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de decembro de 2021, que comprenden do número 785 ao 830 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.

6º.- DAR CONTA DO PERÍODO DE PAGO E INFORME DE MOROSIDADE DO 4º TRIMESTRE DA ANUALIDADE 2021.-

Dáse conta aos presentes do informe sobre cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Valdoviño, previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 4º trimestre do ano 2021; do seguinte resume:

1.- Facturas ou documentos xustificativos pagados durante o trimestre:

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
Nº DE OPERACIÓNS		689	214
IMPORTE TOTAL	47,78	910.195,70 €	308.801,71 €

2.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre (artigo 4.3 da Lei 15/2010):

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
Nº DE OPERACIÓNS		110	17
IMPORTE TOTAL	39,16	311.688,41 €	110.360,76 €

3.- Intereses de demora pagados durante o trimestre:

Nº total de operacións: 0.

Importe total: 0

A Corporación tomou razón do informe antedito.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- DONA. DOLORES BERNARDINA VEIGA DOCE

*.- Fai moito tempo que non paso polas zonas de concentración parcelaria pero antes estaban sen limpar.

Responde o concelleiro de servizos Benito Manuel Vega Fernández: Imos facelo agora pero algunhas xa están limpas.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP – KRISTEL TESTA AMENEIROS

*.- Deberían solucionarse os problemas que hai cos xabaríns. Os concellos deben actuar porque os veciños están indefensos. É un problema.

Responde o Sr. Alcalde: A competencia é da Xunta, é unha competencia deles. Nós non podemos calalos porque é unha competencia autonómica.

*.- As subvencións ao deporte, hai algunha entidade que non as solicitou?

Responde o Sr. Alcalde: As solicitaron? Hai clubs que non as solicitaron.

*.- Nunha lista vin unha expropiación. É a do Siroco?

Responde o Sr. Alcalde: Si. Non está a conformidade da taxación e se consignará a cantidade. Agora estamos co proxecto de demolición. Está a punto de chegar.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- DONA. DOLORES BERNARDINA VEIGA DOCE

*.- Cando se vai sacar a adjudicación do contrato de recollida do lixo?

Responde o Sr. Alcalde: Estamos a espera dos pregos, tardouse porque non se posuían os datos completos.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte horas e vinte minutos, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLA SECRETARIA MUNICIPAL E POLO SR. ALCALDE./